

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019 / 20

**CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSO: 3º ESO A e D
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: LATÍN E GREGO
DATA: 12 / 05 / 2020**

Introdución

Recollemos neste anexo os cambios realizados na programación do curso 2019-20 a raíz da situación excepcional creada pola interrupción das clases presenciais a partir do día 13 de marzo. Nel figuran os estándares e criterios que se terán en conta á hora de avaliar ao alumnado. Todos eles foron vistos en clase durante os dous primeiros trimestres, e serán reforzados neste terceiro. Tamén se recollen os métodos de avaliación e os instrumentos empregados para que o curso poidese seguir adiante na medida do posible.

Non se recolle o grao de consecución necesario para cada estándar xa que iso aparece detallado na programación de curso.

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Xeografía	
B1.1 Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	1.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos as civilizacións grega e romana, tanto os seus límites como lugares concretos de especial relevancia.
	1.2 Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.
Bloque 2. Historia	
B2.1 Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolve a civilización grega.	2.1 Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización grega no período histórico correspondente.
B2.2 Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	2.2.1 Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
	2.2.2 Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
	2.2.3 Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables,

	consultando ou non fontes de información.
Bloque 3. Mitoloxía	
B3.1 Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	3.1 Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e héroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relación entre os diferentes deuses.
B3.2 Coñecer os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e actuais	3.2.1 Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e héroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
	3.2.2 Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
	3.2.3 Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
	3.2.4 Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
Bloque 4. Arte	
B4.1 Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos	4.1.1 Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.
	4.1.2 Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grega, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.
B4.2 Identificar as características máis salientables da arquitectura grega en	4.2 Recoñece as características esenciais da arquitectura grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen

relación cos edificios máis singulares	distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
B4.3 Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e identificar a súa temática	4.3 Recoñece esculturas gregas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
Bloque 7. Pervivencia na actualidade	
B7.1 Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	7.1 Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e da civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.
B7.2 Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	7.2 Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.
B.7.3 Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	7.3 Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifestó a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> - Probas realizadas durante os dous primeiros trimestres - Análise das producións do alumnado durante o confinamento - Proba escrita de carácter opcional en xuño (sempre que a evolución da epidemia o permita) destinada ao alumnado que desexe mellorar os seus resultados.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionarios con preguntas de resposta curta. - Elaboración de resumos - Redacción de traballos encargados con anterioridade ao Estado de Alarma.

Cualificación final	A cualificación final obterase basicamente a partir da media dos dous primeiros trimestres. O traballo realizado no terceiro trimestre supoñerá un máximo de dous puntos, en función do cumprimento de prazos de entrega e da calidade do traballo.
Proba extraordinaria de setembro	Consistirá nunha proba escrita na que só se terán en conta os criterios e estándares expostos neste anexo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	As actividades propostas durante este trimestre serán todas elas de reforzo dos contidos traballados durante os dous primeiros trimestres
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Poñeremos na aula virtual as actividades a realizar cunha data límite de entrega. Mentras non expire este prazo, o alumnado poderá consultar as dúbidas a través do correo electrónico. No caso de reanudarse as clases presenciais, comentaranse estas actividades na aula. Non se detectaron neste grupo casos de imposibilidade material de coñexión.
Materiais e recursos	Aula virtual do IES Lauro Olmo Correo electrónico

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico enviado aos alumnos ou a través das titorías.
Publicidade	Páxina web do centro.